



**PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
DE
CLARINETE**

PROFESOR: RODRIGO MARTÍNEZ DÍAZ

*CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL DE RIBEIRA ENRIQUE PAISAL
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CLARINETE, CURSO 2024 / 2025*

ÍNDICE

- 1) **Introdución**
- 2) **Metodoloxía**
- 3) **Atención á diversidade**
- 4) **Temas Transversais**
- 4.1. **Educación en Valores**
- 4.2. **TIC**
- 5) **Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**
- 6) **Secuenciación (Obxectivos, Contidos, Criterios de Avaliación, Mínimos Esixibles e Recursos didácticos)**
- 6.1. **Curso 1º de G.E.**
- 6.2. **Curso 2º de G.E.**
- 6.3. **Curso 3º de G.E.**
- 6.4. **Curso 4º de G.E.**
- 6.5. **Curso 1º de G.P.**
- 6.6. **Curso 2º de G.P.**
- 6.7. **Curso 3º de G.P.**
- 6.8. **Curso 4º de G.P.**
- 6.9. **Curso 5º de G.P.**
- 6.10. **Curso 6º de G.P.**
- 7) **Procedementos e ferramentas de avaliación**
- 8) **Criterios de cualificación**
- 9) **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**
- 10) **Medidas de recuperación**
- 11) **Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**
- 12) **Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**
- 13) **Probas de acceso (a G.E. e a G.P.)**
- 14) **Recital fin de grao**
- 15) **Criterios para a obtención do premio fin de grao**

1- INTRODUCCIÓN

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Toda actividade docente que pretenda acadar o éxito precisa dunha planificación na que se concreten os obxectivos que a nosa actividade se propón, coa finalidade de orientar, dirixir e planificar coherentemente os procesos de intervención educativa.

Podemos entender que unha programación didáctica é un plan de actuación, unha forma de organizar a actividade docente, dándolle unha estrutura coherente coas características do ensino e coas circunstancias nas que se produce, sempre tendo como referente o currículo establecido oficialmente.

Esta programación terá un carácter aberto e flexible, de tal xeito que trate de adaptarse ás necesidades educativas diferenciadas do alumnado, do contexto e do centro.

Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- Orde do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

- Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

- Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

- Circular 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

2- METODOLOXÍA

A interpretación musical, obxectivo da enseñanza instrumental, é, por definición, un feito diverso, profundamente subxectivo, e no seu resultado sonoro final fúndese en unidade indisoluble a mensaxe do creador contido na obra e a forma persoal de transmitila do intérprete, que fai propia esa mensaxe modulándoa a través da súa propia sensibilidade. Como en toda tarefa educativa, é o desenvolvemento da propia personalidade e sensibilidade do alumno/a o fin último que se persegue aquí, dun xeito marcado xa que a música é, ante todo, un vehículo de expresión de emocións e non de comunicación conceptual, no que o subxectivo ocupa polo tanto un lugar primordial.

Ao longo dun proceso de aprendizaxe destas características, o profesor/a ten que ser o guía, un conselleiro, que á vez que dá solucións concretas a problemas ou dificultades concretos, debe en todo aquilo que teña un carácter máis xeral, esforzarse en dar opcións e non en impoñer criterios, en orientar e non en conducir como da man cara uns resultados predeterminados, e en estimular e expandir a receptividade e a capacidade de resposta do alumno/a ante o feito artístico. Na construción da súa nunca definitiva personalidade artística, o alumno/a é protagonista principal, por non dicir único, o profesor/a fai un traballo de “arte maiéutica”.

As programacións deben estar abertas, flexibles, para que, atendendo ao progreso da técnica, se adapten ás características e ás necesidades individuais do alumnado tratando de desenvolver as súas posibilidades e de suplir as súas carencias.

No que á técnica se refire, é necesario concibila (e facela concibir ao alumno/a), nun sentido profundo, como unha verdadeira “técnica de interpretación”, que supera con moito o concepto da pura mecánica da execución (que, sen embargo, é parte integrante dela) de feito, a técnica, no seu sentido máis amplo, é a realización mesma da obra artística e, por tanto, fúndese, intégrase nela e é, simultaneamente, medio e fin.

Todo este proceso debe garantir a funcionalidade das aprendizaxes, asegurando que poidan ser utilizadas nas circunstancias reais nas que o alumno/a as necesite. Por aprendizaxe funcional enténdese non só a posible aplicación práctica do coñecemento adquirido, senón tamén e sobre todo, o feito de que os contidos sexan necesarios e útiles para levar a cabo outras aprendizaxes e para enfrontarse con éxito á adquisición doutros contidos, presentándose cunha estruturación clara a interrelación e a conexión entre distintos contidos dunha mesma materia e entre contidos de distintas materias.

Deste modo, poderíamos resumir a metodoloxía a utilizar como:

-**Activa:** que asegure a participación do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe, baseando o seu avance na procura de coñecementos.

-**Flexible.**

-**Personalizada:** que se adecúe ás capacidades intelectuais, físicas e ao ritmo de cada alumno/a, que atenda á pluralidade de necesidades e intereses.

-**Autónoma e participativa:** que favoreza a capacidade de aprender por si mesmos e de realizar actividades en grupo. Fará fincapé na competencia “aprender a aprender” como aspecto imprescindible para os estudos musicais.

- Favorecerá unha **aprendizaxe significativa e interdisciplinar**, non en bloques estancos.
- Atenderá á **diversidade** de motivacións, capacidades e intereses do alumnado.
- A aprendizaxe e a convivencia dos alumnos estará sempre nun marco de **tolerancia e respecto**.
- **A educación en valores** será o tema transversal máis importante.
- Fomentará a **participación** da comunidade educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Fomentará a **autonomía** crecente do alumnado.

- Prevalecerá a idea de que o feito de **tocar en público** é un acto de **xenerosidade**, é **compartir** e non competir con alguén, é **comunicar** e non impoñer, é unha linguaxe e non unha demostración de facultades.

3- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para responder ás necesidades concretas do alumnado con necesidades educativas especiais compre facer as adaptacións metodolóxicas e curriculares correspondentes.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor/a poderá propoñer as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico, ofrecendo unha ampla gama de actividades didácticas que respondan aos diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno/a.
- Propoñer actividades de traballo diferenciadas: o profesor/a fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno/a individualmente.
- Reforzar as capacidades do alumno/a e fomentar o seu espírito de superación.

A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar os mínimos exixibles fixados na programación.

A falta de uniformidade no alumnado obriga ao profesorado a deseñar unha serie de estratexias con vistas a chegar a todos e cada un deles. Esta diversidade débese a factores de diversa índole:

- **De coñecementos**, xa que non todos teñen a mesma formación inicial ou ben algúns están habituados a unha emrega máis cotiá da lectura ao pertencer, por exemplo, a agrupacións musicais coas que ensaia periodicamente. Para eles o profesorado poderá deseñar actividades de ampliación que lles permita practicar ou aumentar os seus coñecementos.

- **De aptitude**, o que afecta á facilidade ante a lectura musical; terase en conta o grao de actitude do alumnado (detectado tras a avaliación inicial), valorando o esforzo dos que menos facilidade mostran, sen que por iso se penalice ás persoas que presentan maiores aptitudes.
- **De actitude**, isto é, de interese, que ten que ser observado pola docencia día a día, a partir das prácticas feitas en cada sesión.

A programación contempla un tratamento xeral do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ben porque se trate de alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado que presenta necesidades educativas especiais.

3.1. Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo.

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado e certas actividades, vén dado polos costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgúns zonas extremadamente ligados á práctica instrumental case exclusivamente). O principio de integración pasa por coidar as actividades presentadas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo, os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do país...). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procesual das novas ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos coidarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros/as nas actividades propostas, de xeito que a súa integración se vexa favorecida.

3.2. Alumnado con altas capacidades intelectuais.

Defínese como persoa superdotada a aquela que posúe aptitudes excepcionais e, por tanto, é capaz dun rendemento superior á media. O Real decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelctualmente, trata no seu artigo 9 sobre os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos para o alumnado superdotado intelctualmente nas ensinanzas de réxime especial. Esta flexibilidade consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral.

Non obstante, e ante casos excepcionais, as administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilidade sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilidade incorporará medidas e programas de atención específica a este alumnado.

É preciso distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Unha persoa ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Por tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados cómpre engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido descrito de aceleración, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o curso), de xeito que poidan render segundo as súas propias capacidades.

3.3. Alumnado con necesidades educativas especiais.

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de estudantes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar dunha adaptación aos recursos materiais (tales como a necesidade de acondicionar a aula para eles), ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, co que supón adaptar os contidos e os criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude da persoa non está en relación coa discapacidade que sufra (son coñecidos numerosos exemplos de compositores ou interpretes discapacitados), pero si é habitual que se considere, erradamente, que o suxeito é igual que o individuo plenamente capacitado. Nada máis lonxe da realidade, xa que, como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debido á sensibilidade. Pero, ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación (ou autoestima)

4- TEMAS TRANSVERSAIS

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral do alumnado. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinal que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo.

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor/a-alumno/a sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico, sensibilidade cara a cultura en xeral, etc..

O desenvolvemento integral do alumnado non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos/as para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos seguintes obxectivos:

- Educación para a paz.
- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
- Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
- O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde (postural, auditiva).
- Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación ambiental

Ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursos...

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos/as e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música poden tratarse contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia). Tratar temas relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música doutras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos CD, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

As TIC desenvólvense a partir de avances científicos producidos nos campos da computación e telecomunicacións. As TIC son o conxunto de tecnoloxías que permiten o acceso, a produción, tratamento e comunicación da información presentada en diferentes códigos (texto, imaxe, son, ...).

O elemento máis representativo das novas tecnoloxías é sen dúbida o ordenador, e moito máis concretamente, Internet. Como indican diferentes autores, Internet representa un salto cualitativo de grande magnitude, cambiando e redefinindo as formas de coñecer e relacionarse coas persoas.

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que en principio poden parecer pouco dadas ao uso das TIC, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais: Medios didácticos que con imaxes e gravacións servirannos para comunicar mensaxes específicos.
- Medios en internet: Youtube, concertos accesibles na rede, etc.
- Programas informáticos: Edición de partituras, secuenciadores, programas de gravación, etc.
- Medios para a comunicación: Promover, se se dá o caso, actuacións que poida seguir todo o alumnado.
- Portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, e compartir material audiovisual, facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (cámara de vídeo, gravadoras, tabletas, teléfonos, etc.) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno/a.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou GoogleDrive permiten compartir espazos de material electrónico para os alumnos/as que poden ser controlados polo profesor/a. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Estas TIC faise necesario regularlas, e seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfono móbil, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable dentro das aulas, excepto nos casos en que o profesor-a o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recolla ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento), agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recolla nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recolla ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno/a, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á dirección do Centro.

5- ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DO ENSINO DE CLARINETE

- O departamento fomentará a presenza dos alumnos/as en concertos, cursos e clases maxistráis que xurdan dentro ou fóra do centro.
- Audición e/ou visualización de gravacións de grandes intérpretes (CD, DVD...)
- Intercambios con outros Centros (Conservatorios, Escolas de Música, Academias, Agrupacións, etc.)
- O departamento participará na promoción da súa especialidade a través de concertos públicos e audicións, tanto do alumnado como do profesorado.

6- SECUENCIACIÓN

6.1. 1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

6.1.1. OBXECTIVOS

- Coñecer o clarinete como instrumento musical: partes que o compoñen, nome das chaves, mantemento e hixiene.
- Mostrar os fundamentos dunha posición corporal correcta controlando un ton muscular axeitado do tronco e das extremidades tanto nunha posición erguida como sentada.
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.
- Iniciar ao alumno/a no sentido da afinación a través da práctica na clase colectiva.
- Reter e madurar os coñecementos adquiridos nas clases individuais e colectivas.
- Memorizar pequenos fragmentos musicais.
- Coñecer as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación que se atopan nos textos musicais propostos neste curso.
- Adquirir hábitos de estudo correctos.

6.1.2. CONTIDOS

- Realización da montaxe, desmontaxe e limpeza do clarinete correctamente sen forzar ningunha das partes.
- Control, dominio e rectificación da posición corporal do alumno/a e do instrumento coa axuda dun espello.
- Exercicios de respiración con e sen instrumento.
- Exercicios de embocadura e emisión.
- Exercicios de afinación.
- Exercicios de memorización e de interpretación.

6.1.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar nos estudos a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Demostrar que se asimila unha correcta posición corporal.
- Interpretar os estudos do curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acordes coa dificultade do curso.

- Memorizar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseos axeitados ao nivel.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Adquirir hábitos de estudo correctos.

6.1.4. MÍNIMOS ESIXIBLES (para acadar unha cualificación positiva)

Primeira avaliación:

- Enjoyplayingtheclearinet, páxinas 1 a 9.
- La clarinetteclassique , 1 peza.
- ABC do xoven clarinetista. Páxinas 13 a 25.
- 220 exercicios. Páxinas 9 a 15.

Segunda avaliación:

- Escala cromática dende mi2 ata sib3.
- Escala e arpechios de FaM e SolM no rexistro grave en diferentes articulacións.
- Enjoyplayingtheclearinet páxinas 10 a 18.
- La clarinetteclassique, 1 peza.
- ABC do xoven clarinetista. Páxinas 26 a 40.
- 220 exercicios Páxinas 16 a 21.

Terceira avaliación:

- Escala cromática dende mi2 ata do5
- Escala e arpexio de DoM (do3 do5) en diferentes articulacións.
- Enjoyplayingtheclearinet, páxinas 18 a 27.
- La clarinetteclassique, 1 peza.
- ABC do xoven clarinetista. Páxinas 41 a 51.
- 220 exercicios. Páxinas 22 a 27.

6.1.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

KLOSÉ, J.: 220 Estudios. (Revisado por GuyDangain). Billaudot.

BONETTI, R.: Enjoyplayingtheclearinet.. Oxford.

WASTALL, P.: Learn as youplayclarinet. BooseyandHawkes.

DANGAIN, G.: ABC do xoven clarinetista. Vol. 1. Billaudot.

LANCELOT et CLASSENS.: La clarinetteclassique. Vol. A

* O profesor/a seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

6.2. 2º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

6.2.1. OBXECTIVOS

- Desenvolver os fundamentos dunha posición corporal correcta do instrumentista e do instrumento.
- Asegurar o proceso da inspiración, retención e expulsión do aire.
- Iniciar ao alumno/a no control necesario dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade do son en todos os rexistros.

- Diferenciar e empregar os diferentes tipos de articulacións básicas: legato, stacatto e picado-ligado.
- Mellorar progresivamente o sentido da afinación relativa na clase individual e na de conxunto (clase colectiva).
- Elaborar coa axuda do profesor/a un sistema de traballo individual aplicable ao estudo diario.
- Comprender e asimilar as estruturas musicais que poidan presentarse neste nivel, para acadar unha mellor interpretación.

- Memorizar fragmentos musicais.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Empregar as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación dos textos musicais propostos neste curso.
- Adquirir hábitos de estudo correctos.
- Traballar a música de conxunto en diferentes formacións durante a clase colectiva (dúos, tríos, cuartetos,...).

6.2.2. CONTIDOS

- O control e dominio progresivo da posición do clarinete e do clarinetista.
- Exercicios de respiración con e sen instrumento.
- Exercicios de embocadura e emisión.
- Exercicios de afinación.
- Exercicios para desenvolver a flexibilidade nos saltos e articulacións.
- Interpretación e memorización dos textos musicais a nivel individual e de conxunto.

6.2.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar nos estudos a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Interpretar os estudos do curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acordes coa dificultade do curso.
- Memorizar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseos axeitados co nivel.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Capacidade de adaptación á música colectiva.
- Adquirir hábitos de estudo correctos.

6.2.4. MÍNIMOS ESIXIBLES

Primeira avaliación:

- Escala cromática dende mi2 ata mi5.
- 2. La clarinetteclassique, 3 pezas.
- 3. 295 exercicio. Páxinas. 9 a 16.
- 4. ABC do xoven clarinetista vol.2. Páxinas 10 a 23.

Segunda avaliación:

- Escala cromática dende mi2 ata mi5.
- La clarinetteClassique, 3 pezas.
- 295 exercicios. Páxinas 17 a 24.
- ABC do xoven clarinetista Vol.2 Páxinas 24 a 37.

Terceira avaliación:

- Escala cromática dende Mi2 ata Mi5.
- La clarinetteclassique, 3 pezas.
- 295 Exercicios. Páxinas 25 a 33.
- ABC do xoven clarinetista. Páxinas 38 a 55.

6.2.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- BONETTI, R.: Enjoyplayingtheclearinet. Oxford.
- DANGAIN, G.:ABC do xoven clarinetista vol.2. Billaudot.
- KLOSÉ, J.:295 Exercicios.(revisado por GuyDangain). Billaudot.
- LANCELOT et CLASSENS.: La clarinetteclassique.
- VOXMAN.: Selectedduets Vol.1.. RubankEducational.
- LANCELOT, J. e PATRICK.H.: Pezas clásicas para clarinete e piano.Vol1.
- BOERSTOEL, J. e KASTELEIN, J.: Escoitar, ler e tocar. Vol. 1. De Haske.
- MANZ, R.: DieFröhlicheKlarinette. Vol. 2. Schott.
- VAUGHAN WILLIAMS, R.: SixstudiesinEnglishfolksong.
- RAMÍREZ, A. (arr. A. Villalonga): Alfonsina y el mar.
- VIVES MOLAS, J.: Canto de sirena
- NAULAIS, JÉRÔME: Croquis
- FRANCK, C. (arr. Johan van Slageren): Ave María

* O profesor seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

6.3. 3º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

6.3.1. OBXECTIVOS

- Desenvolver unha posición corporal correcta do instrumentista e do instrumento.
- Coñecer a importancia da respiración diafragmática como medio para posibilitar un son estable e centrado.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Mellorar o dominio da embocadura permitindo unha boa calidade do son en todos os rexistros.
- Mellorar as articulacións básicas para acadar unha maior axilidade e flexibilidade nas propostas musicais do curso.
- Iniciar ao alumno/a no emprego dos reflexos necesarios para corrixir de forma consciente a afinación das notas e a calidade do son relacionándoo coa respiración e a embocadura.
- Adquirir hábitos de estudo correctos.
- Consolidar e perfeccionar elementos técnicos.
- Desenvolver por si mesmo un sistema de traballo individual que faga rendible o tempo empregado no estudo diario.
- Memorizar un estudo ou movemento dunha obra proposta neste curso.

6.3.2. CONTIDOS

- Control e dominio progresivo da posición do clarinete e do clarinetista.
- Práctica de exercicios con e sen instrumento para iniciar ao alumno/a na respiración diafragmática.
- Exercicios de embocadura e emisión: notas sostidas (notas longas) en diferentes dinámicas (ff, mf, p, pp, crescendo, diminuendo, crescendo-diminuendo).
- Exercicios para mellorar a flexibilidade nos saltos e articulacións.
- Exercicios de afinación.
- Interpretación e memorización dos textos musicais a nivel individual e de conxunto.

6.3.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar nos estudos a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Demostrar as capacidades auditivas, rítmicas e de actitude diante do estudo.
- Interpretar os estudos e obras programadas para o curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acordes coa dificultade do curso.

- Memorizar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseos axeitados ao nivel.
- Adquirir unha calidade do son e da afinación.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Adquirir hábitos de estudo correctos.

6.3.4. MÍNIMOS ESIXIBLES

Primeira avaliación:

- Escala cromática.
- Seis estudos de Lancelot.
- Unha das obras programadas para o curso .


Segunda avaliación:

- Escala cromática.
- Seis estudos de Lancelot
- Unha obra das programadas para o curso.

Terceira avaliación:

- Escala cromática.
- Seis estudos de Lancelot.
- Unha das obras programadas para o curso.

6.3.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- 
- LANCELOT, J.: 25 Estudios fáciles e progresivos.
 - CORELLI, A. (arr. ReginaldKell): Gigue
 - MOZART, W.A.: Divertimento n°1
 - LEFEVRE, X. Sonata N°1.
 - BAERMANN, C.: VortragsstückNr. 18 (do "Klarinett-Schule"op. 63)
 - BAERMANN, C.: Adagio Nr. 24 (do "Klarinett-Schule"op. 63)
 - DEBUSSY, C.: Petitepiece.
 - LANCELOT, J. ET PATRICK, A.: Pezas clásicas para clarinete e piano. Vol.2.
 - DAVIES, J. e HARRIS, P.: EasyGershwin for clarinet.
 - ALBINONI, T (Trans. GiovanniOrsomando): Adagio.
 - ALBÉNIZ, I.: Tango.
 - SAINT-SAENS, C.: O Cisne.
 - SCHUBERT, F. (arr. UdoWessiepe): Ave María.
 - REGER, M. (arr. AlfredPiguet): Romanze.
 - SICHLER, J.: Coeurensoleillé.
 - FAURE, G.: PavaneOp. 50.
 - CLÉRISSE, R.: Vieillechanson

* O profesor/a seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

6.4. 4º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

6.4.1. OBXECTIVOS

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento, así como a coordinación entre ambas mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e músculos que interveñen na embocadura, de maneira que posibiliten unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir a afinación das notas e a calidade do son.
- Adquirir hábitos e técnicas de estudo rendibles que permitan a consecución dos obxectivos do curso.
- Consolidar e perfeccionar os elementos técnicos.
- Memorizar completamente unha das obras propostas no curso.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do clarinete e saber empregalas tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, acorde ao nivel.
- Coñecer unha breve descrición histórica do clarinete, dende a súa aparición ata os nosos días.

6.4.2. CONTIDOS

- Control e dominio progresivo da posición do clarinete e do clarinetista.
- Práctica de exercicios con e sen instrumento para desenrolar a capacidade pulmonar do alumno/a na respiración diafragmática.
- Exercicios de embocadura e emisión: notas longas en diferentes dinámicas (ff, mf, p, pp, crescendo, diminuendo, crescendo-diminuendo).
- Inicio ao estudo dos trinos.

- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos distintos niveis, para chegar a través delas a unha interpretación consciente.
- Exercicios de afinación.
- Interpretación e memorización dos textos musicais a nivel individual e de conxunto.
- Coñecemento das características acústicas e dos feitos históricos propios do clarinete e dos instrumentos da súa familia.

6.4.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Valoración das aptitudes do alumno/a e da súa actitude diante da materia.
- Mostrar nos estudos a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Amosar as capacidades auditivas, rítmicas e de actitude diante do estudo.
- Interpretar os estudos e obras programadas para o curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acordes coa dificultade do curso.
- Demostrar a adquisición dunha correcta calidade do son e da afinación.
- Memorizar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseos axeitados ao nivel.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Adaptarse á música colectiva.
- Demostrar a adquisición de hábitos de estudo correctos.

6.4.4. MÍNIMOS ESIXIBLES

Primeira avaliación:

- Escala cromática.
- Seis estudos de Lancelot.
- Unha obra das programadas no curso.

Segunda avaliación:

- Escala cromática.
- Seis estudos de Lancelot.
- Unha obra das programadas no curso.


Terceira avaliación:

- Escala cromática.
- Seis estudos de Lancelot.
- Unha obra das programadas no curso.

6.4.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- LANCELOT, J.: 33 Étudesassezfaciles. Cuadernos 1 e 2.
- HAENDEL: Sonata en Solm. Billaudot.
- WANHAL: Sonata
- MOZART, W. A.: DivertimentoNº2.
- LEFEVRE, X.: Sonata Nº6.
- BAERMANN, H.: Adagio. Breitkopf.
- BAERMANN, C.: Adagio Nr. 46 (do "Klarinett-Schule" op. 63)
- REGER, M.: Romanza. Breitkopf.

- GADE, N. W.: Ballade Op. 43 nº3
- MANGANI, M.: Páxina de album.
- ROUGERON, Ph.: Le Petit Train. Ricordi.
- FAURÉ, G.: Berceuse Op.16.
- NIELSEN, C.: Fantasía. Wilhelm Hansen.
- HARRIS, P.: Suite infive
- MILHAUD, D.: Petitconcert
- CLÉRISSE, R.: Promenade
- * O profesor/a seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.



6.5. 1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

6.5.1. OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Mostrar dominio do corpo en función da práctica do clarinete.
- Controlar e coñecer cada vez máis o instrumento.
- Coñecer as principais características que determinan a música nas diferentes épocas.
- Demostrar suficiente autonomía técnico-práctica para abordar todas e cada unha das dificultades que poidan aparecer nas interpretacións que se aborden durante o curso.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Practicar música de conxunto, en formacións de diversa configuración desenvolvendo o sentido da interdependencia.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.
- Adquirir unha técnica de estudo rendible.

6.5.2. CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Traballo auditivo (oído interno), para recoñecer conceptos como: afinación, timbre e intensidade, coa posibilidade de modificalos. Perfeccionamento de intervalos afinados.
- Perfeccionamento do control postural do corpo, buscando a mellor funcionalidade sonora.
- Exercicios de mecanismo. Escalas, terceiras e arpexios.
- Exercicios de articulación.
- Exercicios de interpretación.
- Práctica interpretativa en grupo, buscando escoitar aos demais sen perder a referencia do propio son.

- Adestramento da memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Coñecemento dalgúns feitos acústicos e históricos do clarinete.
- Técnicas de estudo.

6.5.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Demostrar que se utiliza un esforzo muscular e unha respiración axeitados ás esixencias da execución musical.
- Demostrar o dominio na execución dos estudos e das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar a sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Memorizar e ler a primeira vista textos musicais acordes co nivel no que se encontra o alumno/a.

6.5.4. MÍNIMOS ESIXIBLES (para acadar unha cualificación positiva)

Primeira avaliación:

- 1. Tres escalas.
- Unha obra de estilo clásico.
- 6 estudos de Rose ou 6 Estudos de Lancelot.

Segunda avaliación:

- Tres escalas.
- Unha obra de estilo romántico.
- 6 Estudos de Rose ou 6 Estudos de Lancelot.

Terceira avaliación:

- Tres escalas.
- Unha obra de estilo moderno.
- 6 Estudos de Rose ou 6 Estudos de Lancelot.

6.5.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- LANCELOT, J.: 33 Étudesassezfaciles. Cuaderno 2.
- GAMBARO, V.: 21 Caprichos. Ricordi.
- ROSE: 26 Estudios. Leduc.
- TARTINI, G.: Concertino. BooseyandHawkes.
- STAMITZ, C.: Concerto nº3 en Sib M IMC.
- KORSAKOV, R.: Concerto para clarinete.
- YOST, M.: Sixduos Op.5. Nos. 1-3. Música Rara.
- GADE, N. W.: Pezas Fantásticas para clarinete e piano. WilhelmHansen.
- MILHAUD, D.: Caprice.
- BOZZA, E.: Aria. Leduc.
- RAVEL, M (arr. I. OLENCKIK): Pavana para unha infanta defunta.
- BARTOK, B.: Danzas Rumanas. Editio Musica Budapest.
- FERGUSON, H.: 4 Pezas curtas.
- JACOB, G.: FivePieces for solo clarinet. Oxford UniversityPress.

- BUSONI, F.: Frühe Charakterstücke. G. Henle Verlag.
- PONS SERVER, J.: Tres Pezas. Rivera.
- WHITE, A.: Bagatelles for clarinet and piano.

* O profesor seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

6.6. 2º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

6.6.1. OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Mostrar dominio do corpo na práctica do clarinete.
- Controlar e coñecer cada vez máis o seu instrumento.
- Coñecer as principais características que determinan a música nas diferentes épocas.
- Demostrar suficiente autonomía técnico-práctica para abordar todas e cada unha das dificultades que poidan aparecer nas interpretacións que se aborden durante o curso.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Practicar música de conxunto, en formacións de diversa configuración desenrolando o sentido da interdependencia.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.
- Adquirir unha técnica de estudo eficaz.

6.6.2. CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Traballo auditivo (oído interno) para recoñecer conceptos como: afinación, timbre e intensidade, coa posibilidade de modificalos. Perfeccionamento na afinación dos intervalos.

- Perfeccionamento do control postural do corpo, buscando a mellor funcionalidade sonora.
- Exercicios de mecanismo. Escalas, terceiras e arpexios.
- Exercicios de articulación.
- Exercicios de interpretación.
- Práctica interpretativa en grupo, escoitando aos demais sen perder as referencias do propio son.
- Adestramento da memoria.

- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Coñecemento dalgúns feitos acústicos e históricos do clarinete.
- Técnicas de estudo.

6.6.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Demostrar que se utiliza un esforzo muscular e unha respiración axeitados ás esixencias da execución musical.
- Demostrar dominio na execución dos estudos e das obras sen separar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Memorizar e ler a primeira vista textos musicais acordes co nivel no que se encontra o alumno/a.

6.6.4. MÍNIMOS ESIXIBLES

Primeira avaliación:

- Tres escalas
- Unha obra de estilo clásico.
- 6 Estudos de Gambaro, 6 estudos de Muller ou 6 estudos de Rose.

Segunda avaliación:

- Tres escalas.
- Unha obra de estilo romántico.
- 6 Estudos de Gambaro, 6 estudos de Muller, ou 6 estudos de Rose.

Terceira avaliación:

- 1. Tres escalas.
- Unha obra moderna.
- 6 Estudos de Gambaro, 6 estudos de Muller, ou 6 estudos de Rose.

6.6.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- GAMBARO, V.: 21 Caprichos. Ricordi
- MÜLLER.: 30 Estudos. Ricordi.
- ROSE: 32 Estudos. Leduc.
- STAMITZ, C.: Concerto en Sib (2º concerto de Darmstadt).
- BAERMANN, C.: VortragsstückNr. 32 (do "Klarinett-Schule" op. 63).
- CRUSELL, B. H.: Three Progressive clarinet duets. Hinrichsen.

- WEBER, C. M. von.: Introducción , tema e variacións.op.33. Peters.
- BARTOK, B.: Sonatina.
- BOZZA, E.: Claribel
- FINZI, G.: 5 Bagatelas.
- HARRIS, P.: Sonatina.Fen 421.

* O profesor/a seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

6.7. 3º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

6.7.1. OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Dominar o corpo en función da práctica do clarinete.
- Controlar e coñecer cada vez máis o seu propio instrumento.
- Coñecer as principais características que determinan a música nas diferentes épocas.
- Demostrar suficiente autonomía técnico-práctica para abordar todas e cada unha das dificultades que poidan aparecer nas interpretacións que se aborden durante o curso, detectando concretamente os erros e problemas técnicos, tentando propoñer exercicios para superar as dificultades.
- Evolucionar na velocidade de dixitación, sen perder os parámetros de calidade e control adquiridos ata o momento.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Practicar música de conxunto, en formacións de diversa configuración desenrolando o sentido da interdependencia.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.
- Adquirir unha técnica de estudo eficaz.

6.7.2. CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Traballo auditivo (oído interno) para recoñecer conceptos como: afinación, timbre e intensidade, coa posibilidade de modificalos. Perfeccionamento na afinación dos intervalos.
- Perfeccionamento do control postural do corpo, buscando a mellor funcionalidade sonora.
- Exercicios técnicos específicos incrementados en velocidade, que propicien a interdependencia de acción dos órganos corporais.

- Exercicios de mecanismo. Escalas, terceiras e arpexios.
- Exercicios de articulación.
- Exercicios de interpretación.
- Práctica interpretativa en grupo, buscando escoitar ós demais sen perder as referencias propias do son.
- Adestramento da memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Técnicas de estudo.

6.7.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Amosar a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Demostrar que se utiliza un esforzo muscular e unha respiración axeitados ás esixencias da execución musical.
- Demostrar o dominio na execución dos estudos e das obras sen separar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar a sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Memorizar e ler a primeira vista textos musicais acordes co nivel no que se encontra o alumno/a.
- Nivel técnico asimilado e velocidade de execución.

6.7.4. MÍNIMOS ESIXIBLES

Primeira avaliación:

- Tres escalas.
- Unha obra clásica.
- 6 estudos de Rose ou 6 estudos de Gay.

Segunda avaliación:

- Tres escalas
- Unha obra romántica.
- 6 estudos de Rose ou 6 estudos de Gay.

Terceira avaliación:

- 1. Tres escalas.
- Unha obra moderna.
- 6 estudos de Rose ou 6 estudos de Gay.

6.7.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- ROSE: 32 Estudos. Leduc.
- GAY, E.:24 Estudos.
- HAYDN, J.: Threeduosconcertants. Música Rara.
- MOZART, W. A.: Fourchurchsonates . Boosey&Hawkes.
- MERCADANTE, G. S.: Concerto en Sib.

- WEBER, C. M. von: Concertino op.26 Breitkopf.
- MOUQUET, J.: Solo de Concurso.
- SCHUMANN, R.: Tres romanzas. G. HenleVerlag.
- DAVID, F.: IntroductionandVariationson a Themeof Franz SchubertOp. 8.
- CHAUSSON, E.: Andante e Allegro
- MILHAUD, D.: Dúo concertante.
- SAINT-SAËNS, C.: Sonata op.167. Durand.
- PIERNÉ, G.: Canzonetta, Op. 19.
- GÓMEZ, F.: Lorito (caprice). LazarusEdition.
- STRAUSS, R.: Romanza en MibM.Schott.
- KOH OKUMURA: TwoPieces for solo clarinet. SouthernMusicCompany.

* O profesor/a seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

6.8. 4º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

6.8.1. OBXECTIVOS

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Mostrar dominio do corpo en función da práctica do clarinete.
- Controlar e coñecer cada vez máis o seu propio instrumento.
- Coñecer as principais características que determinan a música nas diferentes épocas.
- Demostrar suficiente autonomía técnico-práctica para abordar todas e cada unha das dificultades que poidan aparecer nas interpretacións que se aborden durante o curso, detectando concretamente os erros e problemas técnicos, intentando propoñer exercicios para superar as dificultades.

- Evolucionar na velocidade de dixitación, sen perder os parámetros de calidade e control adquiridos ata o momento.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Practicar música de conxunto, en formacións de diversa configuración mellorando o sentido da interdependencia.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.
- Adquirir unha técnica de estudo eficaz.

6.8.2. CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Traballo auditivo (oído interno) para reconecer conceptos como: afinación, timbre e intensidade, coa posibilidade de modificalos. Perfeccionamento na afinación de intervalos.
- Perfeccionamento do control postural do corpo, buscando a mellor funcionalidade sonora.
- Exercicios técnicos específicos incrementados en velocidade, que favorezan a interdependencia de acción dos órganos corporais.
- Exercicios de mecanismo. Escalas, terceiras e arpexios.
- Exercicios de articulación.
- Exercicios de interpretación.
- Práctica interpretativa en grupo, escoitando aos demais sen perder as referencias do propio son.
- Adestramento da memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Técnicas de estudo.

6.8.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese..).
- Demostrar que se utiliza un esforzo muscular e unha respiración axeitados ás esixencias da execución musical.
- Dominar a execución dos estudos e das obras sen separar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Amosar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Memorizar e ler a primeira vista textos musicais acordes co nivel no que se encontra o alumno/a.
- Nivel técnico asimilado e velocidade de execución.

6.8.4. MÍNIMOS ESIXIBLES

Primeira avaliación:

- Escala cromática.
- Kroepsch. Tres tonalidades.
- Escalas, terceiras e arpexios das tonalidades traballadas do Kroepsch.
- Unha obra clásica.
- Passagestudies . BookOne . 2 estudos.

Segunda avaliación:

- Escala cromática.
- Kroepsch. Tres tonalidades.
- Escalas, terceiras e arpexios das tonalidades traballadas do Kroepsch.
- Unha obra romántica.
- Passagestudies . BookOne. 2 estudos.

Terceira avaliación:

- Escala cromática.
- Kroepsch. Tres tonalidades .
- Escalas, terceiras e arpexios das tonalidades traballadas do Kroepsch.
- Unha obra clásica.
- Passagiestudies . BookOne . 2 estudos.

6.8.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- ROSE: 40 Estudos Vol.1 IMC
- THURSTON, F: Passagiestudies. BookOne.
- KROEPSCH, F: 416 Estudos Vol.1. IMC
- STAMITZ, C.: Concerto N°1 en FaM.
- DANZI, F: Sonata en Sib.
- MOZART.: Gran Sonata (sobre o Quinteto KV581). Bärenreiter.
- KURPINSKI, K.: Concerto para clarinete. PolskieWydawnictwoMuzyczne.
- KROMMER, F. V.: Concerto para dous clarinetes Op. 35. Música Rara.
- WEBER, C. M. von.: Gran dúo concertante. Breitkopf.
- MENDELSSOHN, F.: Sonata para clarinete e piano.
- MENDELSSOHN, F.: Konzerstücke Op. 113. Peters.
- SCHUMANN, R.: Pezas de Fantasía.
- MILHAUD, D.: Sonatina.
- TAILLEFERRE, G.: Arabesque . ÉditionsHenryLemoine.
- ARNOLD, M.: Sonatina para clarinete e piano.
- HINDEMITH, P.: Sonata para clarinete e piano.
- HARVEY, P.: Sonata.

- KOCH, E. von.: Monólogo nº3. Gehrmans.
- MILUCCIO, G: Rhapsodie. Leduc.

* O profesor/a seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

6.9. 5º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

6.9.1. OBXECTIVOS

- Mostrar un dominio do corpo en función da práctica do clarinete. Recoñecementos sensoriais internos.
- Controlar e coñecer cada vez máis o seu propio instrumento.
- Coñecer as principais características que determinan a música nas diferentes épocas.
- Demostrar suficiente autonomía técnico-práctica para abordar todas e cada unha das dificultades que poidan aparecer nas interpretacións que se aborden durante o curso, detectando concretamente os erros e problemas técnicos, intentando propoñer exercicios para superar as dificultades.
- Evolucionar na velocidade de dixitación, sen perder os parámetros de calidade e control adquiridos ata o momento.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Ampliar o coñecemento de novos efectos sonoros a desenrolar no instrumento.
- Practicar música de conxunto, en formacións de diversa configuración desenrolando o sentido da interdependencia.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.
- Adquirir unha técnica de estudo rendible.

6.9.2. CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Traballo auditivo (oído interno) para recoñecer conceptos como: afinación, timbre e intensidade, coa posibilidade de modificalos. Perfeccionamento na afinación de intervalos.
- Perfeccionamento do control postural do corpo, buscando a mellor funcionalidade sonora.
- Exercicios técnicos específicos incrementados en velocidade, que propicien a interdependencia de acción dos órganos corporais.

- Control de novos efectos sonoros resultantes do clarinete e da súa representación na partitura.
- Exercicios de mecanismo. Escalas, terceiras e arpexios.
- Exercicios de articulación.
- Exercicios de interpretación.
- Práctica interpretativa en grupo, escoitando aos demais sen perder as referencias do propio son.
- Adestramento da memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Técnicas de estudo.

6.9.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Demostrar que se utiliza un esforzo muscular e unha respiración axeitados ás esixencias da execución musical.
- Demostrar o dominio na execución dos estudos e das obras sen separar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

- Memorizar e ler a primeira vista textos musicais acordes co nivel no que se encontra o alumno/a.
- Nivel técnico asimilado e velocidade de execución.

6.9.4. MÍNIMOS ESIXIBLES

Primeira avaliación:

- Kroepsch. Tres tonalidades
- Escalas, terceiras e arpexios das escalas traballadas do Kroepsch.
- Unha obra clásica.
- Kovacs. Unha homenaxe.

Segunda avaliación:

- Kroepsch. Tres tonalidades.
- Escalas, terceiras e arpexios das escalas traballadas do Kroepsch.
- Unha obra romántica.
- Kovacs. Unha homenaxe.


Terceira avaliación:

- Kroepsch. Tres tonalidades.
- Escalas, terceiras e arpexios das escalas traballadas do Kroepsch.
- Unha obra moderna.
- Kovacs. Unha homenaxe.

6.9.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- ROSE: 40 Estudos. Vol.2. IMC
- THURSTON, F: PassageStudies. BookTwo.

- KROEPSCH, F.: 416 Estudios. Vol.1 y 2.
- KOVACS, B.: Homenaxes. Darok.
- STAMITZ, J.: Concierto para clarinete en SibM.
- DEVIENNE, F.: Segunda sonata. EMT.
- CRUSELL, B. H.: Concerto en SiMOp 11.
- KROMMER, F. V.: Concerto en MibMOp. 36.

- 
- WEBER, C. M. von: Concerto N°1 en Fam.Breitkopf.
 - DONIZETTI, G.: Studio Primo. Peters.
 - MENDELSSOHN, F.: KonzerstückeOp. 114. Peters.
 - BRAHMS, J.: Sonata N°2 Op.120 en Mib M.
 - MESSAGER, A.: Solo de concurso.Leduc.
 - FINZI, G.: Concerto para clarinete. Boosey&Hawkes.
 - RABAUD, H.: Solo de Concurso.
 - YUSTE, M.: Estudio Melódico.op.33. Grafispania.
 - YUSTE, M.: Ingenuidad, Op. 8/59. Mundimúsica.
 - OSBORNE, W.: Rhapsody for clarinet. Peters.
 - ARNOLD, M.: Fantasía para clarinet en Sib.
 - MONSALVATGE, X: SelfParafrafrasis.
 - SUTERMEISTER, H.: Capriccio.
 - BERIO: Lied. Universal Edition.
 - PENDERECKI, K.: Tres miniaturas

6.10. 6º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

6.10.1. OBXECTIVOS

- Mostrar un dominio do corpo en función da práctica do clarinete.
- Controlar e coñecer cada vez máis o seu propio instrumento.
- Coñecer as principais características que determinan a música nas diferentes épocas.
- Demostrar suficiente autonomía técnico-práctica para abordar todas e cada unha das dificultades que poidan aparecer nas interpretacións que se aborden durante o curso, detectando concretamente os erros e problemas técnicos, intentando propoñer exercicios para superar as dificultades.
- Evolucionar na velocidade de dixitación, sen perder os parámetros de calidade e control adquiridos ata o momento.
- Interpretar utilizando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
- Ampliar o coñecemento de novos efectos sonoros a desenrolar no instrumento.
- Practicar música de conxunto, en formacións de diversa configuración.
- Memorizar textos musicais.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.
- Adquirir unha técnica de estudo eficaz.

6.10.2. CONTIDOS

- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Traballo auditivo (oído interno) para recoñecer conceptos como: afinación, timbre e intensidade, coa posibilidade de modificalos.
- Perfeccionamento da afinación nos intervalos.
- Perfeccionamento do control postural do corpo, buscando a mellor funcionalidade sonora.

- Exercicios técnicos específicos incrementados en velocidade, que faciliten a interdependencia de acción dos órganos corporais.
- Control de novos efectos sonoros resultantes do clarinete e da súa representación na partitura.
- Exercicios de mecanismo. Escalas, terceiras e arpexios.
- Exercicios de articulación. Exercicios de interpretación.
- Práctica interpretativa en grupo, escoitando aos demais sen perder as referencias do propio son.
- Adestramento da memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista. Técnicas de estudo.

6.10.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Demostrar que se utiliza un esforzo muscular e unha respiración axeitados ás esixencias da execución musical.
- Demostrar o dominio na execución dos estudos e das obras sen separar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Memorizar e ler a primeira vista textos musicais acordes co nivel no que se atopa o alumno/a.
- Nivel técnico asimilado e velocidade de execución.

6.10.4. MÍNIMOS ESIXIBLES

Primeira avaliación:

- Kroepsch. Tres tonalidades.
- Escalas, terceiras e arpexios das escalas traballadas do Kroepsch.
- Unha obra de estilo clásico.
- “Passagestudies” 1 estudo, ou “Advancedstudies” 1 estudo, ou “15 Estudos para clarinete só” 1 estudo.
- Homenaxes. Un Homenaxe.

Segunda avaliación:

- Kroepsch. Tres tonalidades.
- Escalas, terceiras e arpexios das escalas traballadas do Kroepsch.
- Unha obra de estilo romántico.
- “Passagestudies” 1 estudo, ou “Advancedstudies” 1 estudo, ou “15 Estudos para clarinete só” 1 estudo.
- Homenaxes. Un Homenaxe.

Terceira avaliación:

- Kroepsch. Tres tonalidades.
- Escalas, terceiras e arpexios das escalas traballadas do Kroepsch.
- Unha obra de estilo moderno.
- “Passagestudies” 1 estudo, ou “Advancedstudies” 1 estudo, ou “15 Estudos para clarinete só” 1 estudo.
- Homenaxes. Un Homenaxe.

6.10.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- KROEPSCH, F.: 416 Estudios IMC.
- THURSTON, F.: Passagestudies. BookThree.
- POLATSCHEK, V.: Advancedstudies. Schirmer.
- KOVACS, B.: Homenaxes. Darok
- BACH, J. S.: Quince estudos para clarinete só. Leduc.
- DEVIENNE, F.: Premiéresonate.EMT.
- MOZART, W. A.: Concerto en LaM KV.622. Bärenreiter.
- CRUSELL, B. H.: Concerto en FamOp 5.
- KROMMER, F. V.: Concerto para dous clarinetes en MibOp. 91. Música Rara.
- SPOHR, L.: Concerto en Dom Op.26 Peters.
- BRAHMS, J.: Sonata nº1 en Fam Op.120.
- LOVREGLIO, D.: Fantasía sobre A Traviata.Ricordi.
- POULENC, F.: Sonata para clarinete e piano.Chester. e Sonata para dous clarinetes.Chester.
- MILHAUD, D.: Dúo concertante.
- YUSTE, M.: Capricho pintoresco.UME.
- STRAVINSKY, I.: Tres pezas para clarinete só. Chester.
- MESSIAEN, O.: “O Abismo dos Paxaros” do Cuarteto para o fin dos tempos.
- LUTOSLAWSKY, W.: Dance preludes.Chester.
- MARTINU, B.: Sonatina
- BAL Y GAY, J. Sonata para clarinete e piano. Peer.
- CARTER, E.: GRA. BooseyandHawkes.
- MUCYNSKI, R.: Time pieces.

* O profesor seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

NOTA: Os procedementos e ferramentas de avaliación, criterios de cualificación, criterios para a concesión de ampliación de matrícula, e as medidas de recuperación son comúns e iguais para todos os cursos (cada curso de G.E. e G.P.).

7- PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial na primeira semana de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Farase una análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detectarase as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

O procedemento xeral de avaliación é o da “avaliación continua”. Como instrumentos para controlar o grao de consecución dos obxectivos temos que mencionar as audicións (sempre que se reúnan as condicións necesarias para levalas a cabo) e os controis que se realizarán periodicamente (“mostras trimestrais”). Do mesmo xeito no caderno da aula (ou ficha de rexistro) reflexaranse aspectos como as obras, estudos e escalas superados polo alumno/a, faltas de asistencia, actitude ante a materia, etc.

Inicial: Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos/as, así como para detectar, nos casos en que sexa necesario, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno/a, para así poder resolvelos no menor tempo posible e da forma mais axeitada.

Continua: Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, achegando ao alumnado a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.

Final ou sumativa: Dada a necesidade de emitir unha nota ao final de cada trimestre (avaliación), así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos achegará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo porto os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesorado conta con distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte do alumno/a.

Esta serie básica de **ferramentas de avaliación** sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos: realización de probas, audicións, etc.
- Avaliaranse todas as actividades nas que participe o alumno/a: clases individuais, colectivas, audicións, concertos, etc.
- Observación sistemática e directa do alumno/a, a verbalización (intercambio de impresións) e a escoita do que o alumno/a realiza nas diferentes sesións da clase (técnica e interpretación).
- Valorarase o desenvolvemento de obxectivos, aprendizaxe de contidos, así como a actitude, motivación e participación do alumno/a.

8- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Serán cualificados cun **10** os alumnos/as que superen con brillantez os obxectivos fixados para o curso.
- Serán cualificados cun **9** os alumnos/as que superen de xeito sobresaínte os obxectivos fixados para o curso.
- Serán cualificados cun **8** os alumnos/as que superen de xeito notable os obxectivos fixados para o curso.
- Serán cualificados cun **7** os alumnos/as que superen con solvencia os obxectivos fixados para o curso.
- Serán cualificados cun **6** os alumnos/as que superen con comodidade os contidos mínimos.
- Serán cualificados cun **5** os alumnos/as que simplemente superen os contidos mínimos de xeito suficiente.
- Serán cualificados cun **4** os alumnos/as que non acadaran os contidos mínimos pero manifestaran unha actitude positiva e ofrezan posibilidades claras de recuperación.

- Serán cualificados cun **3** aqueles alumnos/as que non acadaran os contidos mínimos pero mostren interese na materia.
- Serán cualificados cun **2** aqueles alumnos/as que non acadaran os contidos mínimos pero mostren un mínimo interese na materia.
- Serán cualificados cun **1** aqueles alumnos/as que non acadaran os contidos mínimos e non mostren interese na materia.

Os instrumentos de avaliación establecidos serán: **fichas de rexistro do profesor/a e controis (“mostras trimestrais”)**

A ponderación do **valor dos controis** sobre a cualificación final será do **20%**. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Cada alumno/a terá a obriga de participar en **dúas** audicións, se ben estas non serán avaliábeis.

A ponderación do **valor das anotacións da ficha de rexistro** da aula sobre a cualificación final será do **80%**. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

Este **80%** dividirase en:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. **20%**
- Precisión técnica. **20%**
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) **20%**
- Actitude, interese e comportamento **20%**

9- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Demostrar que se teñen adquiridos os obxectivos ou capacidades de todas as materias do curso matriculado. Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar dito curso e ao que aspira, así como amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se quere ampliar a matrícula.

O profesor/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Para a correcta avaliación de dita proposta o profesor/a reunirse co profesorado de todas as materias do alumno/a e, se hai acordo unánime, elevará a súa proposta ao departamento.

O profesorado afectado elaborará un informe de ampliación de matrícula no que aparecerá unha cualificación numérica de cada unha das materias, así como as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos de dito proceso. Será condición para a ampliación obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe de ampliación será presentado polo xefe de departamento á Dirección do Centro o cal o trasladará ao Consello Escolar para a súa aprobación.

A data límite para a proposta e aprobación de ampliación será antes do período non lectivo de Nadal.

10- MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

-Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno/a obtivese cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos/as que teñan a materia pendente realizarase un plan de traballo con novas actividades didácticas orientadas a reforzar os aspectos precisos. Así mesmo empregaranse as horas de tutoría con esta mesma finalidade. Considerarase que un alumno/a coa materia pendente supera dita materia no momento no que o profesor/a considere superados os obxectivos do curso anterior.

-Procedementos de avaliación nos casos en a avaliación continua non é posible.

Como se indicou anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por causa das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba, de carácter instrumental (neste caso), na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno/a será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos.

Será o criterio do profesor /a o que determine se un alumno /a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero , en todo caso , o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá na **interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra** dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Precisión técnica (métodos e estudos) **50%**
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) **50%**

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima **(1)** por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

-Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Na proba extraordinaria de xuño, o alumno/a deberá presentar un repertorio que cubra, polo menos, os mínimos esixibles durante o curso. O profesor/a poderá limitar esta proba, se o considera oportuno, exclusivamente a aqueles contidos non superados durante o curso polo proceso de avaliación continua. No informe de avaliación negativa fixarase unha proposta de repertorio para a proba extraordinaria de xuño.

O feito de que o repertorio presentado non se axuste aos mínimos esixibles (por non acadar a dificultade axeitada) ou a proposta polo profesor/a no informe de avaliación negativa de xuño, poderá ser motivo de suspenso.

Do repertorio presentado na proba, o profesor/a seleccionará aquel que considere máis oportuno escoitar e poderá deter a interpretación no momento no que considere que ten elementos suficientes para cualificar.

Os criterios de avaliación aplicables nesta proba serán os mesmos que os aplicables durante o proceso de avaliación continua

Para a cualificación da proba, atenderase aos seguintes criterios:

- Precisión técnica (métodos e estudos) **50%**
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) **50%**

Os alumnos/as que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

11- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Esta programación terá un carácter aberto e flexible, de tal xeito que trate de adaptarse ás necesidades educativas diferenciadas do alumnado, do contexto e do centro. Deste xeito, faranse revisións e posibles modificacións desta programación, sempre que o profesorado do departamento o considere oportuno.

En función dos resultados obtidos realizarase una avaliación da propia programación que será reflexada na memoria de final de curso e que dará lugar á modificación dos aspectos oportunos. Neste sentido a programación ten que conducir á consecución dos mínimos reflexados no decreto 198 de 27 de Setembro de 2007 para grao elemental e 207 de 27 de Setembro de 2007 para grao profesional.

As adaptacións curriculares constitúen un elemento importante de revisión da programación para alumnos con necesidades educativas específicas.

Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o axeitado desenvolvemento das súas programacións didácticas, incluíndo esta, así como os seus resultados serán:

- **Reunións de departamento:** aproveitaranse para facer achegas, críticas, e calquera tipo de axuda sobre o funcionamento no día a día das programacións.
- **Revisión permanente** por parte do profesor/a coa fin de que sexa en todo momento un instrumento con aplicación real ás características do alumnado e ás do propio Centro.
- **Consulta**, por parte do profesor/a, das propostas doutros centros de semellante nivel coa fin de establecer criterios de igualdade.

12- PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Nas reunións do departamento de vento madeira acordaranse as medidas oportunas de avaliación necesarias para o correcto funcionamento do mesmo.

As reunións do departamento realizaranse para garantir unha avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o seu grao de cumprimento e os seus resultados.

13- PROBAS DE ACCESO

13.1. PROBAS DE ACCESO 1º DE GRAO ELEMENTAL

Consistirá na interpretación de tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria. Das obras que conteñan máis dun movemento só se pedirá un deles, sendo elixido este polo propio alumno/a.

As obras que o requiran deberán ser acompañadas ao piano, e o pianista acompañante proporcionarao o alumno/a.

As pezas a interpretar escolleranse da lista que figura a continuación:

BARROCO-CLÁSICO

HAENDEL, F.: Sonata en Sol m.

MOZART, W.A.: Sonata (das catro sonatas para igrexa).

MOZART, W.A.: Divertimento N°2.

LEFEVRE, X.: Sonata N°2.

ROMÁNTICO

BAERMANN, H.: Adagio. Breitkopf.

REGER, M.: Romance.

FAURÉ, G.: Berceuse Op.16.

SÉCULO XX.

MILHAUD, D.: Caprice.

HARRIS, P.: Sonatina.

GERSHWIN, G.: EasyGershwin for clarinet.

NIELSEN, C.: Fantasía.

HARRIS, P.: Suite infive.

Criterios de avaliación

- 1) Interpretar un repertorio estilisticamente variado e dunha dificultade acorde co establecido na lista indicativa de obras estipulado na programación da materia.
- 2) Mostrar na interpretación do repertorio os coñecementos necesarios da partitura xeral, é dicir, tanto da parte de clarinete como da de piano.
- 3) Coñecer e aplicar na interpretación as características estilísticas do repertorio programado.
- 4) Dominar tecnicamente as obras a interpretar.
- 5) Na obra ou movemento a interpretar de memoria mostrar o dominio necesario deste recurso.
- 6) Coñecer e aplicar nas obras interpretadas os seguintes recursos: staccato, legato e matices.
- 7) Mostrar un correcto control do aire mediante a respiración abdominal-diafragmática así como dos músculos que forman a embocadura, de maneira que se posibilite una correcta emisión, afinación, articulación, flexibilidade e calidade de son.
- 8) Emitir un son estable e de calidade en tódolos rexistros do instrumento e nos diferentes matices.
- 9) Mostrar a capacidade e os reflexos necesarios para corrixir de xeito automático a afinación e a calidade do son.

Criterios de cualificación

Un **50%** da cualificación dependerá dos criterios de avaliación **4, 6, 7, 8 e 9**.

Un **30%** da cualificación dependerá dos criterios de avaliación **2 e 3**.

Un **10%** da cualificación dependerá do criterio de avaliación **1**, no suposto de que o repertorio presentado se adapte aos requisitos da proba. No caso de que o repertorio presentado estea claramente por debaixo do nivel solicitado, isto poderá ser motivo de suspenso.

Un **10%** da cualificación dependerá do criterio de avaliación **5**.

13.2. PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º e 4º DE GRAO ELEMENTAL

Consistirá na interpretación de dúas obras de libre elección e dun exercicio de lectura a primeira vista. Como orientación para a elección das obras convén ter presentes as obras indicadas na programación de clarinete para o curso inmediatamente anterior ao cal se pretende acceder. Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran.

Criterios de avaliación

1. Valorarase o nivel de dificultade das obras presentadas.
2. Dominar tecnicamente as obras a interpretar.
3. Interpretar os textos musicais presentados cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos.
4. Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
5. Adoitar una posición corporal óptima ao tocar o clarinete.
6. Mostrar no exercicio de lectura a primeira vista o dominio de aspectos como os matices, agónica, tempi, articulacións, así como resolver as dificultades técnicas que presente o fragmento a interpretar.

*O grao de consecución dos puntos 4, 5 e 6 haberá que adaptalo ao curso ao que se pretende acceder.

Criterios de cualificación

Un **50%** da cualificación dependerá dos criterios de avaliación **2 e 3**.

Un **30%** da cualificación dependerá dos criterios de avaliación **4 e 5**.

Un **10%** da cualificación dependerá do criterio de avaliación **1**, no suposto de que o repertorio presentado se adapte aos requisitos da proba. No caso de que o repertorio presentado estea claramente por debaixo do nivel requirido, isto poderá ser motivo de suspenso.

Un **10%** da cualificación dependerá do criterio de avaliación **6**.

13.3. PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de G.P.

Consistirá na interpretación de tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria (das obras que conteñan máis dun movemento será requirida a interpretación de todos eles de memoria). Como orientación das obras a interpretar servirá o listado de obras (desta programación) do curso anterior ao cal se pretenda acceder. Unha das obras interpretadas será de música de cámara podendo ser a formación clarinete-piano. Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran.

Criterios de avaliación

- 1) Interpretar un repertorio estilisticamente variado e dunha dificultade acorde co establecido na lista indicada de obras estipulada na programación da materia.
- 2) Mostrar na interpretación do repertorio o necesario coñecemento da partitura xeral, é dicir, tanto da parte de clarinete como da de piano.
- 3) Coñecer e aplicar á interpretación as características estilísticas do repertorio programado.
- 4) Dominar tecnicamente as obras a interpretar.
- 5) Na obra a interpretar de memoria mostrar o dominio necesario deste recurso.
- 6) Coñecer e aplicar nas obras interpretadas os seguintes recursos: staccato, legato e matices.
- 7) Mostrar un correcto control do aire mediante a respiración abdominal-diafragmática así como dos músculos que forman a embocadura, de maneira que se posibilite una correcta emisión, afinación, articulación flexibilidade e calidade de son.
- 8) Emitir un son estable e de calidade en tódolos rexistros do instrumento e nos diferentes matices.
- 9) Mostrar a capacidade e os reflexos necesarios para corrixir de xeito automático a afinación e a calidade do son.

Criterios de cualificación

Un **50%** da cualificación dependerá dos criterios de avaliación **4, 6, 7, 8 e 9**.

Un **30%** da cualificación dependerá dos criterios de avaliación **2 e 3**.

Un **10%** da cualificación dependerá do criterio de avaliación **1**, no suposto de que o repertorio presentado se adapte aos requerimentos da proba. No caso de que o repertorio presentado estea claramente por debaixo do nivel requirido, isto poderá ser motivo de suspenso.

Un **10%** da cualificación dependerá do criterio de avaliación **5**.

14- RECITAL DE FIN DE GRAO

Todos os alumnos/as que rematen o grao profesional deberán facer obrigatoriamente un **RECITAL DE FIN DE GRAO**, organizado polo equipo directivo antes de rematar o curso académico, na convocatoria ordinaria ou extraordinaria (xuño) . Dito recital será condición imprescindible para aprobar o curso.

O alumno/a deberá levar pianista acompañante nas obras que o requiran, e a duración do recital deberá ser duns 25 min. aproximadamente.

15- CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso , que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

O alumno/a deberá ter unha cualificación media mínima dun **8** no **6º curso de profesional** para optar ao premio fin de grao.

O alumno/a deberá tocar un mínimo de **25 minutos**, e non menos de **dúas obras** que deberán ser de **diferentes estilos**.

O alumno/a deberá traer o seu propio pianista para as obras que precisen acompañamento de piano.

Deberase interpretar como mínimo **unha das obras presentadas de memoria**, as cales deberán ter o nivel esixido para dita proba, que é o correspondente aos **dous últimos cursos do Grao Profesional**.

O alumno/a deberá proporcionar **unha copia de cada unha das obras elixidas** no momento da inscrición.

O tribunal resérvase o **dereito de rexeitar algunha das obras** se considera que non se axusta ao nivel esixido.

Para a concesión do premio de fin de grao será necesario que o alumno/a acade unha cualificación mínima dun **9** .